

María Xosé Porteiro: "Begoña Caamaño foi unha xornalista que entendeu o oficio como servizo á cidadanía"

María Xosé Porteiro (Madrid, 1952) documenta o legado xornalístico da autora recoñecida no Día das Letras Galegas 2026 a través do seu novo ensaio: *Begoña Caamaño. Xornalismo para a cidadanía* (Galaxia). Porteiro reconstrúe a figura dunha das voces máis comprometidas do periodismo galego, marcada pola defensa dun xornalismo independente, feminista e vencellado á cidadanía.

Raúl Salgueiro

14 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/maria-xose-porteiro/20260514081542256337.html>

—Cal é o primeiro recordo que garda de Begoña Caamaño?

Recordo perfectamente a primeira vez que a escoitei pola radio. Ela estaba facendo prácticas en Radio Noroeste e eu traballaba en Radio Popular. Tiña unha voz imposíbel de esquecer. Creo que iso é un don que se trae de nacemento, aínda que tamén se pode traballar. Begoña tiña un instinto enorme para comunicar e para poñerse diante dun micrófono. Desde o primeiro día fíxoo dunha maneira extraordinaria. Ese é o primeiro recordo que teño de Caamaño como xornalista.

—Neste ensaio afonda na Caamaño xornalista. Cal era a súa mirada sobre o oficio?

Calquera lectura sobre Begoña Caamaño revela unha enorme coherencia. No xornalismo buscaba o mesmo que na literatura: quería mudar o mundo. Era unha revolucionaria no mellor sentido da palabra, unha persoa inconformista á que non lle gustaban as herdanzas obrigatorias. Nos seus primeiros anos, sobre todo en Vigo, fixo un xornalismo de rúa. Estaba nas manifestacións, correndo detrás da noticia, subindo a unha escaleira de bombeiros en folga para conseguir declaracións ou chegando á emisora co magnetófono baixo o brazo para entregar a crónica a tempo. Non había internet nin facilidades técnicas, pero ela tiña un enorme sentido da responsabilidade e unha intuición moi clara sobre os tempos da radio. Preocupáballe a xente común. Era unha muller do pobo, que tivo a oportunidade de estudar e de traballar, e que quixo contar tanto o que vía como o que desexaba que acontecesse.

—No seu ensaio relata a relación de Caamaño con Vigo e Compostela. Que simbolizan ambas as cidades na súa vida?

Son, dalgún modo, alfa e omega. En Vigo desenvolveu esa etapa máis de xornalismo de rúa, nunha cidade moi convulsa e en plena transformación social nos anos oitenta. Era unha época de movemento constante e dunha enorme intensidade informativa.

En Santiago chega unha etapa máis estábel no terreo laboral, pero tamén máis centrada na súa gran paixón: a cultura. Ademais do traballo na radio, hai unha dimensión moi importante da súa traxectoria ligada aos artigos, ás colaboracións en medios como *A Nosa Terra* ou *Festa da Palabra Silenciada* e aos discursos internacionais nos que representou o feminismo nacionalista galego.

Eu sempre digo que un discurso de Begoña Caamaño era ao mesmo tempo unha peza literaria e unha peza xornalística. Tiña unha capacidade extraordinaria para explicar asuntos moi complexos, polos en contexto e propor unha mirada ética sobre eles.

—Que pode aprender o xornalismo actual dunha figura como foi Caamaño?

Creo que o principal é a necesidade de estar sempre alerta aos cambios sociais e tecnolóxicos. O xornalismo cambia constantemente e nós traballamos nun oficio no que se transforma a maneira de informar, de entender a ética profesional e tamén a responsabilidade que temos sobre o que sucede no mundo.

Begoña Caamaño tiña moi clara esa responsabilidade. Entendía o xornalismo como un servizo á cidadanía e como unha ferramenta para interpretar a realidade. Esa capacidade de compromiso e de adaptación segue sendo hoxe unha referencia moi valiosa.